

“Aos galegos roubáronnos o dereito a ser o que somos e á nosa lingua ”

MERO, COMPOÑENTE DE 'A QUENLLA'"Manuel María pediuños que musicaramos a súa obra despois de escoitar 'A casa que nunca tivemos”"



MONTSE DOPICO SANTIAGO | 15.08.2010

"O povo foi derrotado non vencido/ porque o povo un día ha de vencer./ O seu destiño ha de ser cumprido/ que despóis da noite é o mencer./ O povo deprendeou o seu vieiro/ e sabe, por instinto, como é:/ sempre se mostrou rexo e enteiro/ defendendo o seu xenio e a súa fe." Estes versos forman parte da peza teatral *Unha vez foi o trebón*, de Manuel María. A Quenlla acaba de editar un disco que recolle os tres poemas incluídos nesta obra, más outros oito que o poeta chairego escribiu sobre a revolta irmandiña. Mero, membro do grupo, explícanos o proxecto.

A Quenlla xa musicara versos de Manuel María. Desta volta escolle unha peza teatral. ¿Como foi?

No ano 1995 estivemos xuntos en Pardiñas. Daquela estábamos traballando no musical *A casa que nunca tivemos*, con letras da poeta Marica Campo. A Manuel María gustoulle a idea, e pediuume un favor: que fixeramos algo semellante con *Unha vez foi o trebón*. Eu coñecía a obra, e sabía que só tiña tres poemas, e que ademais xa fora representada. Pero Manuel escribira oito poemas máis. Pensamos en facer unha obra de teatro, e para evitar duplicidades encargarles que traballasen co texto a Manuel Lourenzo e Pancho Pillado. Foi pasando o tempo, despois morreu Manuel, que para nós sempre foi un poeta de referencia, ademais dun amigo e un membro da mesma tribo... Estivemos moito tempo gravando. Primeiro ía haber unha axuda do bipartito, pero co Goberno actual foi denegada. O grupo tivo que quitar cartos para isto, e por iso tardamos, tamén. O obxectivo, así, era gravar o disco e interpretar a obra: para iso están traballando Manuel Lourenzo e Santiago Fernández... Ademais, nos queríamos agasallarlle o disco á fundación que axudamos a fundar Mini e más eu, a Irmandade Manuel María...

¿Como foi o proceso de poñer música ós versos?

Mini e eu somos chairegos coma Manuel María, e el tiña moita paciencia para explicar os seus versos... Elaborar cada peza foi un traballo de dous meses. Fixemos a metade Mini e a metade eu, tal como falaramos con Manuel María. E despois montar, adaptar, versionar... por iso nos levou dous anos, e mentres tendo concertos....

Concertos tedes moitos. Hai pouco estivestes en San Simón...

Hai moitas causas que defender. Nós o que procuramos non é o beneficio económico. E imos seguir participando no que teña que ver coa lingua, a cultura, a memoria histórica, a galeguización... mentres poidamos.

'Unha vez foi o trebón' segue de actualidade no sentido de que é unha denuncia do abuso de poder. Cousas que din no texto os labregos irmandiños poderianas dicir hoxe, por exemplo, os emigrantes que veñen en pateras...

Si, só que os marxinados aquí somos nós. Desde Medulio, os Irmandiños, os Mártires de Carral, sempre somos nós os que nos sentimos estranxeiros no noso propio país. Por iso o texto de Manuel ten total vixencia. Roubáronnos a vontade de ser, o dereito a ser o que somos, o dereito a exercer a nosa lingua, a nosa cultura, a nosa estrutura básica de desenvolvemento económico. Até temos que mercar fóra o que primeiro nos roubaron, como a luz, a madeira, o aluminio...

É difícil falar de Manuel María sen falar de lingua. O decreto do galego está recorrido xudicialmente... ¿Que opinas?

O que queren é validar a ilegalidade. O presidente do Goberno español dixo que hai que protexer as linguas minorizadas. Pero estes fan todo o contrario. Menten, utilizan as leis para confundir. A lingua non é da esquerda nin da dereita, é algo de dentro de todos nós.

A Asociación de Amigos e Amigas da Fundación Manuel María tenta facer un museo da casa natal do poeta. Polo menos non é un autor esquecido...

A casa sempre foi un referente. Estivemos con el alí, e coa súa familia. Manuel era moi xeneroso, ao coñecelo a el coñecías o seu mundo, e entendías mellor o valor dos seus poemas, a súa defensa do propio. Era unha persoa dunha gran sensibilidade.

O proxecto da casa museo conta con apoios de institucións, pero non da Xunta...

Tampouco apoiou outros proxectos semellantes e ese. Pero nós temos que levantar a cabeza, a cultura galega traballa sen a caldeirilla que lle poidan dar, con orgullo e con valor.

¿O disco xa está distribuído?

Presentámolo no festival de Pardiñas, que foi onde xurdiu o proxecto hai quince anos. Aínda hai que distribuílo, pero pódese pedir a xermolos@xermolos.org.

Tedes outros proxectos...

Moitos. Ademais estamos nun momento histórico no que a necesidade de compromiso é maior, a pesar deles. Un compromiso clarificador das néboas coas que nos queren cegar, que descubra as verdades, pois non deixan de mentir. Un dos proxectos é quitar un disco dobre ou triple. Terá que ver coa lingua, a cultura, o decreto, as mentiras, as estupideces, as loitas enterradas que volveron, as feridas que abriron, das que son responsables...